



TRABALLO DE FIN DE GRAO

FACULTADE DE ENFERMARÍA

PERCEPCIÓN DOS ADOLESCENTES EN VIOLENCIA DE XÉNERO

Autora: Marta Sanmartín Andújar

Titora: María Leonor Varela Lema

Cotitora: Andrea Vila Fariñas

Curso Académico 2021/2022

Convocatoria Xuño



FACULTADE DE ENFERMARÍA

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Grao en Enfermaría

O Proxecto de Fin de Grao titulado: *Percepción dos adolescentes en violencia de xénero*, foi realizado por o/a abaixo asinante.

Santiago de Compostela, 7 de xuño de 2022.

A alumna, Marta Sanmartín Andújar

Fdo.:

Vº Bº

A titora, María Leonor Varela Lema

Cotitora, Andrea Vila Fariñas

Fdo.:

ÍNDICE

<i>RESUMO</i>	1
<i>INTRODUCCIÓN</i>	4
<i>XUSTIFICACIÓN</i>	5
<i>OBXECTIVOS</i>	6
<i>METODOLOXÍA</i>	6
<i>RESULTADOS</i>	8
<i>DISCUSIÓN</i>	20
<i>CONCLUSIÓNS</i>	23
<i>ANEXOS</i>	24
<i>Anexo I. Informe emitido polo Comité de Bioética</i>	24
<i>Anexo II. Compromiso de confidencialidade</i>	25
<i>Anexo III. Cuestionario alumnado.</i>	26
<i>Anexo IV. Folla de información</i>	29
<i>Anexo V. Presentación alumnado</i>	31
<i>BIBLIOGRAFÍA</i>	32

RESUMO

Introdución: A violencia contra a muller nace como resultado da existencia dunha sociedade patriarcal. No caso de que sexa nunha parella de adolescentes, recolle o nome de “violencia no noivado”. Constitúe un problema global ca privación de dereitos nas mulleres e consecuencias nas vítimas. O obxectivo do traballo é coñecer a percepción dos adolescentes desta violencia.

Metodoloxía: Realizouse un estudo transversal entre o alumnado de catro centros galegos que estiveran cursando entre 3º da ESO e 2º de Bacharelato. A obtención de datos fíxose por medio dun cuestionario ad hoc anónimo e os resultados obtivéronse tras unha análise descritiva da mostra.

Resultados: O tamaño da mostra foi de 414 alumnos que responderon o cuestionario. Existe unha baixa percepción de risco asociada ás tecnoloxías. O 70% de estudantes ve normal nalgunha ocasión controlar o que fai a parella. Ao redor do 15% dos enquisados considera normal a violencia verbal en determinadas situacións. A prevalencia recoñecida polos adolescentes é superior en ítems asociados ao control, violencia psicolóxica e verbal. A cifra de mulleres que coñecen casos é maior ca nos homes, e o mesmo acontece cos estudantes de niveis educativos superiores fronte cursos da ESO. A percepción segundo o xénero difire principalmente nos ítems asociados ao control, violencia psicolóxica e verbal, onde se observa que os homes son menos conscientes de comportamentos inadecuados na parella. Percibiuse menor percepción da violencia entre estudantes da ESO fronte os que cursan Bacharelato.

Conclusións: Os roles de xénero continúan presentes na nosa sociedade e a violencia sigue pasando desapercibida en determinadas situacións. Ademais, o uso de tecnoloxías provoca que se perpetúen comportamentos de control. Polo tanto, é necesaria unha actuación a nivel educativo con perspectivas de xénero.

Palabras chave: violencia de xénero, violencia contra a muller, violencia no noivado, adolescentes, xénero, ciberacoso.

RESUMEN

Introducción: La violencia contra la mujer nace como resultado de la existencia de una sociedad patriarcal. En el caso de que sea en una pareja de adolescentes, recoge el nombre de “violencia en el noviazgo”. Constituye un problema global con la privación de los derechos en las mujeres y consecuencias en las víctimas. El objetivo del trabajo es conocer la percepción de los adolescentes de esta violencia.

Metodología: Se realizó un estudio transversal entre el alumnado de cuatro centros gallegos que estuvieran cursando entre 3º de ESO y 2º de Bachillerato. La obtención de datos se hizo por medio de un cuestionario ad hoc anónimo y los resultados se obtuvieron tras un análisis descriptivo de la muestra.

Resultados: El tamaño de la muestra fue de 414 alumnos que respondieron el cuestionario. Existe una baja percepción de riesgo asociado a las tecnologías. El 70% de estudiantes ve normal en alguna ocasión controlar lo que hace la pareja. Alrededor del 15% de los encuestados considera normal la violencia verbal en determinadas situaciones. La prevalencia reconocida por los adolescentes es superior en ítems asociados al control, violencia psicológica y verbal. La cifra de mujeres que conoce casos es mayor que en los hombres, y lo mismo ocurre con los estudiantes de niveles educativos superiores frente a cursos de la ESO. La percepción según el género difiere principalmente en los ítems asociados al control, violencia psicológica y verbal, donde se observa que los hombres son menos conscientes de comportamientos inadecuados en la pareja. Se percibió menor percepción de violencia entre estudiantes de la ESO frente a los que cursan Bachillerato.

Conclusiones: Los roles de género continúan presentes en nuestra sociedad y la violencia sigue pasando desapercibida en determinadas situaciones. Además, el uso de tecnologías provoca que se perpetúen comportamientos de control. Por lo tanto, es necesaria una actuación a nivel educativo con perspectivas de género.

Palabras clave: violencia de género, violencia contra la mujer, violencia en el noviazgo, adolescentes, género, ciberacoso.

ABSTRACT

Background: Violence against women arises as a result of the existence of a patriarchal society. In the case of an adolescent couple, it is called “dating violence”. It constitutes a global problem with deprivation of women rights and consequences for the victims. The aim of this study is to assess the perception of dating violence of adolescents.

Methods: A cross-sectional study has been performed among students from four Galician schools that were pursuing studies between secondary school to post-secondary schools non university education (14-18 years old). Data were collected by means of an anonymous ad hoc questionnaire and a descriptive data analysis was carried out.

Results: The population consisted of 414 students that answered the questionnaire. Results showed that there was a low perception of risk associated with technologies. 70% of students believe it is acceptable on some occasions to control the actions of their partners. Around 15% of respondents consider normal verbal violence in certain situations. The prevalence of violence recognized by adolescents is higher in topics associated with control, psychological and verbal violence. The number of women reporting cases is higher than the ones reported by men, and the same happens with students in secondary school in comparison to post-secondary school. The perception according to gender differs mainly in the topics associated with control, psychological and verbal violence, where it is observed that men are less aware of inappropriate behaviors in the relationship. Less perception of violence was perceived among High School students compared to those doing their A levels.

Conclusions: Gender roles continue to be present in our society and violence continues to go unnoticed in certain situations. Moreover, the use of technologies leads to the perpetuation of controlling behaviors. Hence, it is necessary to act at the educational level with a gender perspective.

Key words: gender violence, violence against women, dating violence, teenagers, gender, cyber dating violence.

INTRODUCCIÓN

A ONU definiu a violencia contra a muller como calquera acto de violencia de xénero, que pode acabar nun dano físico, sexual ou psicolóxico, tendo en conta tamén as ameazas destes, a imposición ou a vedar a liberdade, que se pode desenvolver tanto nun ámbito público como privado (1). A orixe deste concepto provén dunha construción social baseada nunha estrutura patriarcal e non por unha cuestión biolóxica, doméstica ou individual. Polo tanto, os roles que desempeñan os xéneros dependen de factores socioculturais, levando á existencia de desigualdades (2).

No caso de que a violencia contra a muller sexa nunha parella de adolescentes, recolle o nome de “violencia no noivado” (*dating violence*) (2). Esta violencia pode incluír dano físico, sexual ou psicolóxico; abarcando as agresións, a coacción sexual, o maltrato psicolóxico e comportamentos de control (3).

Segundo estimacións da OMS, o 35% da poboación mundial feminina sufriu violencia contra a muller (física e/ou sexual) tanto por parte da parella como de terceiros (4). Un estudo realizado no ano 2019 polo Ministerio de Igualdade calcula que a prevalencia da violencia física e/ou sexual por parte da parella ou exparella é do 14,2%. Este estudo reflicta que en idades máis temperás (16-24) o risco vese acrecentado en todos os tipos de violencia e vai diminuindo segundo aumenta a idade (5). Os resultados dun estudo mostran que existe unha maior prevalencia de violencia contra a muller en persoas non heterosexuais, razas non brancas, cun nivel socioeconómico baixo, se padecen algunha discapacidade ou se son mulleres transexuais (2).

Segundo información obtida do INE, no ano 2020 un total de 29215 mulleres foron vítimas de violencia de xénero. As cifras estanse reducindo despois de sufrir un aumento significativo durante a pandemia. Aínda así, neste último rexistro, a violencia de xénero diminuíu un 8,4% e as vítimas de violencia doméstica aumentaron un 8,2% (cun total de 8279 casos) (6). A violencia doméstica é aquela violencia contra a muller que engade o compoñente de abuso financeiro, está relacionado ca violencia na parella (7).

Polo tanto, a violencia no noivado constitúe un problema a nivel mundial e é fundamental unha actuación inmediata (4).

O desenlace máis acusado da violencia contra a muller e a expresión máxima desta, son os feminicidios. En España o feminicidio foi a causa de morte de máis da metade (54%) das mulleres

asasinadas entre os anos 2003 e 2017 (5). No ano 2021 quitóuselle a vida a 43 mulleres e un 14% do total de vítimas eran menores de 30 anos (2) (8).

As consecuencias psicolóxicas que teñen máis presenza son: depresión, ansiedade, insomnio, autoestima baixa, irritabilidade, nerviosismo e esgotamento (5) (9). A relación entre o grao de violencia e padecer enfermidades mentais é directamente proporcional, e esta asociación diminúe ca idade (9). A isto súmaselle o abuso de consumo de substancias como resposta ao trato ou ruptura da relación, onde o tabaco e os antidepressivos son as máis demandadas polo xénero feminino (5). As respostas físicas son a fatiga, mialxia e dor articular, diabetes, mareos, enfermidades cardiovasculares, gastrointestinais e respiratorias (5) (9).

XUSTIFICACIÓN

A violencia no noivado é un problema de saúde pública. A expresión máxima desta violencia son os feminicidios, pero existen outro tipo de consecuencias que repercuten gravemente na calidade de vida das persoas afectadas. Moitos dos estudos dedicados ao tema pechan a falta de perspectiva de xénero, xa que se asume que é un concepto bidireccional (onde a violencia é exercida por ambos xéneros) e non existen medios para medilo (2).

No caso da xente nova, os roles de xénero están máis presentes, adoptando os homes actitude de dominancia (forza e agresividade) e as mulleres unha actitude de fragilidade. Consecuentemente, existe unha xustificación da violencia, que non se chega a percibir ou que incluso se normaliza. A estes factores súmanselles aqueles de risco que poden estar presentes durante a adolescencia, como é o abuso de alcohol ou escasa comunicación (2).

Tamén cabe destacar que a día de hoxe o uso de tecnoloxías é a principal vía de comunicación entre os adolescentes, e do mesmo modo que simplifica a socialización, tamén aumenta o risco de sufrir violencia contra a muller na adolescencia. Segundo o comportamento levado a cabo pode ser cibercontrol (acosar) e/ou ciberagresión (danar) (10).

O persoal de enfermaría ten un papel moi importante á hora de actuar. Como prevención primaria destaca a intervención en idades temperás, xa que é preciso promover actitudes de cambio. Mediante programas que fomenten o recoñecemento de comportamentos violentos e de abuso, promocionar un uso correcto das tecnoloxías, impulsar a educación sexual, grupos de diálogo, etc. (5) (11). Achegarse ao colectivo por medio de charlas, conferencias, enquisas ou internet son ferramentas útiles e de fácil aplicación (11). Así mesmo, dende a atención primaria, pódese levar

a cabo a detección precoz dos casos (prevención secundaria), por medio da implantación dos protocolos de actuación e proceder segundo indican (12). Tamén ten un papel determinante na prevención terciaria, para proporcionar axuda unha vez xa sexan vítimas, como a rehabilitación ou a reintegración social (11). Como persoal sanitario con elevada accesibilidade aos pacientes, debe loitar e implicarse na súa propia formación, reforzar as intervencións enfermeiras e traballar de forma conxunta con outros medios interinstitucionais (12).

OBXECTIVOS

- **Principal:** Coñecer a percepción dos adolescentes da violencia no noivado.
- **Secundarios:**
 - o Identificar a prevalencia de casos de violencia no noivado coñecidos polos estudantes.
 - o Determinar as diferencias nas respostas en función do xénero.
 - o Determinar as diferencias nas respostas en función do nivel educativo.

METODOLOXÍA

Deseño e mostra

Levou a cabo un estudo transversal. A poboación obxectivo foron estudantes de Ensinanza Secundaria Obrigatoria e Bacharelato de catro centros, situados nos concellos de A Estrada e Santiago de Compostela (Galicia). Os criterios de inclusión foron: estar matriculado en 3º ou 4º de ESO ou 1º ou 2º de Bacharelato e ter entre 15 e 19 anos. O conxunto da poboación estudada conforma unha mostra non probabilística.

Recollida de datos

A recollida de datos realizouse por medio da plataforma Microsoft Forms, sendo o instrumento da recollida de datos un cuestionario elaborado ad hoc, previamente testado entre o equipo investigador e os docentes dos centros para corrixir ou eliminar algunhas das posibles preguntas que puidesen supoñer erros de interpretación.

O tratamento, comunicación e cesión dos datos por parte do equipo de investigación fíxose conforme ao disposto polo Regulamento da Unión Europea 2016/679 e a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos Dereitos Dixitais baixo regulamento

da Universidade de Santiago de Compostela. O grupo de investigación contou ca aprobación do Comité de Bioética (Anexo I) e completou un compromiso de confidencialidade (Anexo II) conforme non se revelaría a información obtida.

O cuestionario era de carácter voluntario e os enquisados daban o seu consentimento para acceder ás respostas no momento no que completaran e accederan a enviala. Era anónimo, polo cal en ningún momento foi solicitada información de carácter persoal ou ca que fose posible a identificación do alumnado (Anexo III).

Para obter a mostra, primeiro contactouse con catro centros galegos de ensinanza secundaria obrigatoria. Por medio do correo electrónico, informouse á directiva dos institutos acerca da intención da investigación complementando cunha folla de información (Anexo IV). Foi necesario á súa autorización para acceder a entregar os cuestionarios ao seu alumnado e procedeuse á súa divulgación. Para iso, procurouse a participación dos adolescentes advertindo da importancia das súas respostas para este estudo por medio dunha pequena presentación a modo de introdución do tema a tratar no formulario (Anexo V). O cuestionario distribuíuse cos alumnos por medio do enlace <https://forms.office.com/Pages/ResponsePage.aspx?id=LEUNj6S3ZEm4EIw5c3RHe53Fm8Dz6pHDgVIJn2RTve1UQ1A5WUcwMk04ODU1QktXQ0RIS09SVFIGNy4u> e polo código QR da dirección da páxina.

Variables

As variables sociodemográficas valoradas foron a idade (de 15 a 19 anos), o xénero (home, muller, xénero fluído e non binario), o curso (3ºESO, 4ºESO, 1ºBacharelato e 2ºBacharelato) e autodeclaración de formación na violencia no noivado (Si ou Non).

A percepción da violencia no noivado categorizouse en: “Non é normal nunca”, “Pode non ser normal nalgunhas ocasións”, “Pode ser normal nalgunhas ocasións” e “É normal sempre”. As variables relacionadas coa percepción da violencia no noivado valoradas foron: “Desvalorización”, “Control do que se está a facer”, “Control última conexión”, “Acceso redes sociais”, “Control con quen falar”, “Control con quen quedar”, “Sacar fotos”, “Control vestimenta”, “Compartir imaxes”, “Criticar”, “Coller o teléfono”, “Mensaxes ameazantes”, “Gritar”, “Tono agresivo”, “Insultar”, “Romper posesións”, “Ameazar para conseguir algo”, “Ameazar con autolesionarse”, “Empuxar”, “Golpear cun obxecto”, “Agredir” e “Sentir medo”.

Ademais, valorouse para cada variable se a persoa enquisada coñecía algún caso onde ocorrese esa situación.

Análise de datos

Levou a cabo unha análise descritiva da mostra por medio de cálculo de porcentaxes. Utilizouse o programa Microsoft Excel para o tratamento da información.

RESULTADOS

1.1. Resultados descritivos

Obtivéronse 414 respostas. Un total de 380 adolescentes (91,8%) estaban previamente informados sobre a violencia no noivado. O 75,6% dos adolescentes informados recibiron esa formación por parte do instituto, sendo a información que recibiron os homes un 5,2% menor con respecto das mulleres.

As mulleres proporcionaron 209 respostas (50,5%) e os homes 201 respostas (48,6%). Catro cuestionarios restantes pertencían equitativamente a persoas de xénero fluído (0,5%) e non binario (0,5%).

O número de enquisas respondidas por alumnas e alumnos que estaban cursando 3º e 4º de ESO foi moito maior que as de Bacharelato, 62,8% e 37,2%, respectivamente.

1.2. Percepción adolescentes

Os adolescentes enquisados teñen unha escasa percepción do risco asociado ás tecnoloxías. Un 75% deles considera que non é normal nunca controlar a última hora de conexión da parella, un 20% afirma que en determinadas ocasións é normal coller o teléfono da parella e o 71% opina que non é normal nunca sacar fotos da parella sen consentimento.

En canto ao ítem asociado ao control, a porcentaxe de estudantes que ven normal controlar algunha vez o que a súa parella está a facer é superior ao 70%. Xunto cun 20% deles que non valoran negativamente controlar con quen queda a parella.

Ao redor do 15% dos enquisados considera normal nalgunha ocasión actitudes asociadas á violencia verbal. Só un 66% opina que non é normal nunca berrarlle á parella.

A violencia psicolóxica ten un baixo porcentaxe de adolescentes (61%) que refire non ser normal nunca o feito de criticar á parella.

Ademais, case un 10% das persoas enquisadas reflexou que sentir medo nunha relación pode ser habitual nalgunhas ocasións. (Táboa 1).

Táboa 1. Resultados globais do cuestionario.

CUESTIÓNS	Non é normal nunca (%)	Pode non ser normal (%)	Pode ser normal a veces	É normal sempre	Coñeces a alguén (Si)
<i>Desvalorización</i>	383 (92,51%)	20 (4,83%)	11 (2,66%)	0 (0,00%)	164 (39,61%)
<i>Control do que se está a facer</i>	116 (28,02%)	144 (34,78%)	140 (33,82%)	14 (3,38%)	193 (46,62%)
<i>Control última conexión</i>	310 (74,88%)	54 (13,04%)	43 (10,39%)	7 (1,69%)	139 (33,57%)
<i>Acceso redes sociais</i>	394 (95,17%)	14 (3,38%)	3 (0,72%)	2 (0,48%)	115 (27,78%)
<i>Control con quen falar</i>	382 (92,27%)	16 (3,86%)	10 (2,42%)	6 (1,45%)	107 (25,85%)
<i>Control con quen quedar</i>	332 (80,19%)	48 (11,59%)	27 (6,52%)	7 (1,69%)	124 (29,95%)
<i>Sacar fotos</i>	293 (70,77%)	55 (13,29%)	64 (15,46%)	2 (0,48%)	107 (25,85%)
<i>Control vestimenta</i>	387 (93,48%)	16 (3,86%)	10 (2,42%)	1 (0,24%)	68 (16,43%)
<i>Compartir imaxes</i>	365 (88,16%)	29 (7,00%)	17 (4,11%)	3 (0,72%)	94 (22,71%)
<i>Criticar</i>	253 (61,11%)	89 (21,50%)	65 (15,70%)	7 (1,69%)	193 (46,62%)
<i>Coller o teléfono</i>	331 (79,95%)	53 (12,80%)	28 (6,76%)	2 (0,48%)	124 (29,95%)
<i>Mensaxes ameazantes</i>	401 (96,86%)	9 (2,17%)	2 (0,48%)	2 (0,48%)	50 (12,08%)

<i>Berrar</i>	273 (65,94%)	77 (18,60%)	62 (14,98%)	2 (0,48%)	174 (42,03%)
<i>Ton agresivo</i>	344 (83,09%)	39 (9,42%)	27 (6,52%)	4 (0,97%)	150 (36,23%)
<i>Insultar</i>	356 (85,99%)	36 (8,70%)	21 (5,07%)	1 (0,24%)	140 (33,82%)
<i>Romper posesións</i>	401 (96,86%)	7 (1,69%)	6 (1,45%)	0 (0,00%)	38 (9,18%)
<i>Ameazar para conseguir algo</i>	404 (97,58%)	8 (1,93%)	1 (0,24%)	1 (0,24%)	65 (15,70%)
<i>Ameazar con autolesionarse</i>	396 (95,65%)	11 (2,66%)	5 (1,21%)	2 (0,48%)	125 (30,19%)
<i>Empuxar</i>	402 (97,10%)	9 (2,17%)	1 (0,24%)	2 (0,48%)	56 (13,53%)
<i>Golpear cun obxecto</i>	401 (96,86%)	5 (1,21%)	7 (1,69%)	1 (0,24%)	38 (9,18%)
<i>Agredir</i>	406 (98,07%)	5 (1,21%)	2 (0,48%)	1 (0,24%)	49 (11,84%)
<i>Sentir medo</i>	377 (91,06%)	18 (4,35%)	15 (3,62%)	4 (0,97%)	90 (21,74%)

1.3. Prevalencia

En xeral a o número de casos coñecido polas mulleres é moi superior aos casos recoñecidos polos homes.

A prevalencia recoñecida polo alumnado é alta en ítems asociados ao control, violencia psicolóxica e violencia verbal.

Na violencia física estas cifras son moito máis elevadas nas mulleres que nos homes. Un 18% de mulleres coñece algún caso dunha parella onde un membro fora empuxado (os homes referiron un 9%), 24 mulleres (11%) afirmaron saber de casos onde un membro foi golpeado por un obxecto (fronte o 6% reflexado polos homes) e o 16% das adolescentes coñece polo menos unha parella onde se sufriu de agresión e esta cifra redúcese ao 7% nos homes.

As respostas totais reflexaron que o 30% dos enquisados coñecen polo menos un caso onde un membro da parella ameazara con autolesionarse. Cun porcentaxe maior en homes que en mulleres.

O 22% dos enquisados referiron coñecer algún caso onde un membro da parella sentise medo na relación, o xénero feminino sumou o 30% e os homes un 13%.

A diferenza no nivel educativo reflicte un efecto similar do que acontece no xénero. A maior formación, a prevalencia de casos recoñecidos polos alumnos e alumnas é maior. (Táboa 1)

1.4. Diferencias por xénero

Nas Táboas 2, 3, 4 e 5 expóñense as diferentes respostas obtidas en canto a percepción de violencia no noivado segundo o xénero dos participantes. A principal disimilitude obsérvase nas preguntas dedicadas ao ítem do control. Máis dun 10% do xénero feminino é máis consciente de que non é normal nunca ter actitudes que comprendan o control da parella. As cifras que máis destacan neste ítem son sobre todo aquelas como o control da vestimenta da parella (99% das mulleres o fronte 88% dos homes consideran que non é normal nunca), de con quen quedar (88% contra o 73%) e con quen falar (96% e 89%).

Mediante a crítica á parella, a violencia psicolóxica tamén son os homes os que menos percepción dela (45% considérao normal nalgũa ocasión). Así mesmo, a violencia verbal é menos advertida polos homes como un comportamento inadecuado cara á parella.

Táboa 2. Percepción en mulleres.

CUESTIÓNS	Non é normal nunca (%)	Pode non ser normal (%)	Pode ser normal a veces	É normal sempre	Coñeces a alguén (Si)
<i>Desvalorización</i>	203 (97,13%)	5 (2,39%)	1 (0,48%)	0 (0,00%)	102 (48,80%)
<i>Control do que se está a facer</i>	60 (28,71%)	75 (35,89%)	70 (33,49%)	4 (1,91%)	108 (51,67%)
<i>Control última conexión</i>	158 (75,60%)	26 (12,44%)	20 (9,57%)	5 (2,39%)	84 (40,19%)
<i>Acceso redes sociais</i>	199 (95,22%)	8 (3,83%)	1 (0,48%)	1 (0,48%)	74 (35,41%)
<i>Control con quen falar</i>	201 (96,17%)	4 (1,91%)	3 (1,44%)	1 (0,48%)	68 (32,54%)

<i>Control con quen quedar</i>	183 (87,56%)	16 (7,66%)	8 (3,83%)	2 (0,96%)	70 (33,49%)
<i>Sacar fotos</i>	147 (70,33%)	31 (14,83%)	30 (14,35%)	1 (0,48%)	62 (29,67%)
<i>Control vestimenta</i>	207 (99,04%)	0 (0,00%)	2 (0,96%)	0 (0,00%)	40 (19,14%)
<i>Compartir imaxes</i>	193 (92,34%)	11 (5,26%)	3 (1,44%)	2 (0,96%)	51 (24,40%)
<i>Criticar</i>	142 (67,94%)	42 (20,10%)	25 (11,96%)	0 (0,00%)	109 (52,15%)
<i>Coller o teléfono</i>	174 (83,25%)	24 (11,48%)	11 (5,26%)	0 (0,00%)	73 (34,93%)
<i>Mensaxes ameazantes</i>	206 (98,56%)	1 (0,48%)	2 (0,96%)	0 (0,00%)	37 (17,70%)
<i>Berrar</i>	148 (70,81%)	37 (17,70%)	23 (11,00%)	1 (0,48%)	107 (51,20%)
<i>Ton agresivo</i>	186 (89,00%)	12 (5,74%)	10 (4,78%)	1 (0,48%)	97 (46,41%)
<i>Insultar</i>	180 (86,12%)	18 (8,61%)	11 (5,26%)	0 (0,00%)	90 (43,06%)
<i>Romper posesións</i>	206 (98,56%)	3 (1,44%)	0 (0,00%)	0 (0,00%)	23 (11,00%)
<i>Ameazar para conseguir algo</i>	207 (99,04%)	1 (0,48%)	1 (0,48%)	0 (0,00%)	46 (22,01%)
<i>Ameazar con autolesionarse</i>	204 (97,61%)	3 (1,44%)	2 (0,96%)	0 (0,00%)	79 (37,80%)
<i>Empuxar</i>	206 (98,56%)	3 (1,44%)	0 (0,00%)	0 (0,00%)	37 (17,70%)
<i>Golpear cun obxecto</i>	207 (99,04%)	1 (0,48%)	1 (0,48%)	0 (0,00%)	24 (11,48%)
<i>Agredir</i>	207 (99,04%)	1 (0,48%)	1 (0,48%)	0 (0,00%)	34 (16,27%)
<i>Sentir medo</i>	196 (93,78%)	7 (3,35%)	6 (2,87%)	0 (0,00%)	62 (29,67%)

Táboa 3. Percepción en homes.

CUESTIÓNS	Non é normal nunca (%)	Pode non ser normal (%)	Pode ser normal a veces	É normal sempre	Coñeces a alguén (Si)
<i>Desvalorización</i>	177 (88,06%)	14 (6,97%)	10 (4,98%)	0 (0,00%)	61 (30,35%)
<i>Control do que se está a facer</i>	56 (27,86%)	67 (33,33%)	69 (34,33%)	0 (0,00%)	84 (41,79%)
<i>Control última conexión</i>	149 (74,13%)	27 (13,43%)	23 (11,44%)	2 (1,00%)	55 (27,36%)
<i>Acceso redes sociais</i>	192 (95,52%)	5 (2,49%)	2 (1,00%)	2 (1,00%)	39 (19,40%)
<i>Control con quen falar</i>	178 (88,56%)	12 (5,97%)	6 (2,99%)	5 (2,49%)	38 (18,91%)
<i>Control con quen quedar</i>	147 (73,13%)	30 (14,93%)	19 (9,45%)	5 (2,49%)	53 (26,37%)
<i>Sacar fotos</i>	143 (71,14%)	24 (11,94%)	33 (16,42%)	1 (0,50%)	44 (21,89%)
<i>Control vestimenta</i>	177 (88,06%)	15 (7,46%)	8 (3,98%)	1 (0,50%)	25 (12,44%)
<i>Compartir imaxes</i>	169 (84,08%)	18 (8,96%)	13 (6,47%)	1 (0,50%)	42 (20,90%)
<i>Criticar</i>	110 (54,73%)	45 (22,39%)	40 (19,90%)	6 (2,99%)	81 (40,30%)
<i>Coller o teléfono</i>	153 (76,12%)	29 (14,43%)	17 (8,46%)	2 (1,00%)	50 (24,88%)
<i>Mensaxes ameazantes</i>	192 (95,52%)	8 (3,98%)	0 (0,00%)	1 (0,50%)	12 (5,97%)
<i>Gritar</i>	122 (60,70%)	39 (19,40%)	39 (19,40%)	1 (0,50%)	65 (32,34%)
<i>Tono agresivo</i>	154 (76,62%)	27 (13,43%)	17 (8,46%)	3 (1,49%)	51 (25,37%)
<i>Insultar</i>	172 (85,57%)	18 (8,96%)	10 (4,98%)	1 (0,50%)	48 (23,88%)

<i>Romper posesións</i>	191 (95,02%)	4 (1,99%)	6 (2,99%)	0 (0,00%)	13 (6,47%)
<i>Ameazar para conseguir algo</i>	193 (96,02%)	7 (3,48%)	0 (0,00%)	1 (0,50%)	17 (8,46%)
<i>Ameazar con autolesionarse</i>	188 (93,53%)	8 (3,98%)	3 (1,49%)	2 (1,00%)	43 (21,39%)
<i>Empuxar</i>	192 (95,52%)	6 (2,99%)	1 (0,50%)	2 (1,00%)	18 (8,96%)
<i>Golpear cun obxecto</i>	190 (94,53%)	4 (1,99%)	6 (2,99%)	1 (0,50%)	13 (6,47%)
<i>Agredir</i>	195 (97,01%)	4 (1,99%)	1 (0,50)	1 (0,50%)	14 (6,97%)
<i>Sentir medo</i>	177 (88,06%)	11 (5,47%)	8 (3,98%)	4 (1,99%)	27 (13,43%)

Táboa 4. Percepción xénero non binario.

CUESTIÓNS	Non é normal nunca (%)	Pode non ser normal (%)	Pode ser normal a veces	É normal sempre	Coñeces a alguén (Si)
<i>Desvalorización</i>	1 (50%)	1 (50%)	0 (0%)	0 (0%)	2 (100%)
<i>Control do que se está a facer</i>	0 (0%)	1 (50%)	0 (0%)	1 (50%)	1 (50%)
<i>Control última conexión</i>	1 (50%)	1 (50%)	0 (0%)	0 (0%)	0 (0%)
<i>Acceso redes sociais</i>	1 (50%)	1 (50%)	0 (0%)	0 (0%)	1 (50%)
<i>Control con quen falar</i>	1 (50%)	0 (0%)	1 (50%)	0 (0%)	0 (0%)
<i>Control con quen quedar</i>	1 (50%)	1 (50%)	0 (0%)	0 (0%)	0 (0%)

<i>Sacar fotos</i>	1 (50%)	0 (0%)	1 (50%)	0 (0%)	0 (0%)
<i>Control vestimenta</i>	1 (50%)	1 (50%)	0 (0%)	0 (0%)	1 (50%)
<i>Compartir imaxes</i>	1 (50%)	0 (0%)	1 (50%)	0 (0%)	0 (0%)
<i>Criticar</i>	0 (0%)	1 (50%)	0 (0%)	1 (50%)	1 (50%)
<i>Coller o teléfono</i>	2 (100%)	0 (0%)	0 (0%)	0 (0%)	0 (0%)
<i>Mensaxes ameazantes</i>	1 (50%)	0 (0%)	0 (0%)	1 (50%)	0 (0%)
<i>Gritar</i>	1 (50%)	1 (50%)	0 (0%)	0 (0%)	1 (50%)
<i>Tono agresivo</i>	2 (100%)	0 (0%)	0 (0%)	0 (0%)	1 (50%)
<i>Insultar</i>	2 (100%)	0 (0%)	0 (0%)	0 (0%)	1 (50%)
<i>Romper posesións</i>	2 (100%)	0 (0%)	0 (0%)	0 (0%)	1 (50%) (50%)
<i>Ameazar para conseguir algo</i>	2 (100%)	0 (0%)	0 (0%)	0 (0%)	1 (50%)
<i>Ameazar con autolesionarse</i>	2 (100%)	0 (0%)	0 (0%)	0 (0%)	1 (50%)
<i>Empuxar</i>	2 (100%)	0 (0%)	0 (0%)	0 (0%)	1 (50%)
<i>Golpear cun obxecto</i>	2 (100%)	0 (0%)	0 (0%)	0 (0%)	1 (50%)
<i>Agredir</i>	2 (100%)	0 (0%)	0 (0%)	0 (0%)	1 (50%)
<i>Sentir medo</i>	2 (100%)	0 (0%)	0 (0%)	0 (0%)	1 (50%)

Táboa 5. Percepción xénero fluído.

CUESTIÓNS	Non é normal nunca (%)	Pode non ser normal (%)	Pode ser normal a veces	É normal sempre	Coñeces a alguén (Si)
<i>Desvalorización</i>	2 (100%)	0 (0%)	0 (0%)	0 (0%)	1 (50%)
<i>Control do que se está a facer</i>	0 (0%)	1 (50%)	1 (50%)	0 (0%)	0 (0%)
<i>Control última conexión</i>	2 (100%)	0 (0%)	0 (0%)	0 (0%)	0 (0%)
<i>Acceso redes sociais</i>	2 (100%)	0 (0%)	0 (0%)	0 (0%)	1 (50%)
<i>Control con quen falar</i>	2 (100%)	0 (0%)	0 (0%)	0 (0%)	1 (50%)
<i>Control con quen quedar</i>	1 (50%)	1 (50%)	0 (0%)	0 (0%)	1 (50%)
<i>Sacar fotos</i>	2 (100%)	0 (0%)	0 (0%)	0 (0%)	1 (50%)
<i>Control vestimenta</i>	2 (100%)	0 (0%)	0 (0%)	0 (0%)	2 (100%)
<i>Compartir imaxes</i>	2 (100%)	0 (0%)	0 (0%)	0 (0%)	1 (50%)
<i>Criticar</i>	1 (50%)	1 (50%)	0 (0%)	0 (0%)	2 (100%)
<i>Coller o teléfono</i>	2 (100%)	0 (0%)	0 (0%)	0 (0%)	1 (50%)
<i>Mensaxes ameazantes</i>	2 (100%)	0 (0%)	0 (0%)	0 (0%)	1 (50%)
<i>Gritar</i>	2 (100%)	0 (0%)	0 (0%)	0 (0%)	1 (50%)
<i>Tono agresivo</i>	2 (100%)	0 (0%)	0 (0%)	0 (0%)	1 (50%)
<i>Insultar</i>	2 (100%)	0 (0%)	0 (0%)	0 (0%)	1 (50%)

<i>Romper posesións</i>	2 (100%)	0 (0%)	0 (0%)	0 (0%)	1 (50%)
<i>Ameazar para conseguir algo</i>	2 (100%)	0 (0%)	0 (0%)	0 (0%)	1 (50%)
<i>Ameazar con autolesionarse</i>	2 (100%)	0 (0%)	0 (0%)	0 (0%)	2 (100%)
<i>Empuxar</i>	2 (100%)	0 (0%)	0 (0%)	0 (0%)	0 (0%)
<i>Golpear cun obxecto</i>	2 (100%)	0 (0%)	0 (0%)	0 (0%)	0 (0%)
<i>Agredir</i>	2 (100%)	0 (0%)	0 (0%)	0 (0%)	0 (0%)
<i>Sentir medo</i>	2 (100%)	0 (0%)	0 (0%)	0 (0%)	0 (0%)

1.5. Diferenzas por nivel educativo.

Nas Táboas 6 e 7 expóñense as diferenzas por nivel educativo. Obsérvase certa diferenza entre as respostas dos estudantes de ESO fronte os estudantes de Bacharelato. Nos estudantes de Bacharelato a percepción é lixeiramente maior que nos da ESO. Destacan máis estas diferenzas nos comportamentos asociados ao ciberacoso.

Táboa 6. Percepción en estudantes da ESO.

CUESTIÓNS	Non é normal nunca (%)	Pode non ser normal (%)	Pode ser normal a veces	É normal sempre	Coñeces a alguén (Si)
<i>Desvalorización</i>	237 (91,15%)	14 (5,38%)	9 (3,46%)	0 (0,00%)	88 (33,85%)
<i>Control do que se está a facer</i>	78 (30,00%)	93 (35,77%)	80 (30,77%)	9 (3,46%)	116 (44,62%)
<i>Control última conexión</i>	187 (71,92%)	39 (15,00%)	29 (11,15%)	5 (1,92%)	85 (32,69%)

<i>Acceso redes sociais</i>	243 (93,46%)	13 (5,00%)	1 (0,38%)	3 (1,15%)	70 (26,92%)
<i>Control con quen falar</i>	237 (91,15%)	12 (4,62%)	6 (2,31%)	5 (1,92%)	55 (21,15%)
<i>Control con quen quedar</i>	203 (78,08%)	36 (13,85%)	15 (5,77%)	6 (2,31%)	71 (27,31%)
<i>Sacar fotos</i>	189 (72,69%)	33 (12,69%)	36 (13,85%)	2 (0,77%)	58 (22,31%)
<i>Control vestimenta</i>	237 (91,15%)	14 (5,38%)	8 (3,08%)	1 (0,38%)	34 (13,08%)
<i>Compartir imaxes</i>	226 (86,92%)	20 (7,69%)	12 (4,62%)	2 (0,77%)	50 (19,23%)
<i>Criticar</i>	167 (64,23%)	54 (20,77%)	33 (12,69%)	6 (2,31%)	108 (41,54%)
<i>Coller o teléfono</i>	200 (76,92%)	43 (16,54%)	15 (5,77%)	2 (0,77%)	71 (27,31%)
<i>Mensaxes ameazantes</i>	250 (96,15%)	7 (2,69%)	1 (0,38%)	2 (0,77%)	23 (8,85%)
<i>Gritar</i>	174 (66,92%)	50 (19,23%)	35 (13,46%)	1 (0,38%)	95 (36,54%)
<i>Tono agresivo</i>	209 (80,38%)	29 (11,15%)	18 (6,92%)	4 (1,54%)	86 (33,08%)
<i>Insultar</i>	226 (86,92%)	18 (6,92%)	15 (5,77%)	1 (0,38%)	76 (29,23%)
<i>Romper posesións</i>	249 (95,77%)	6 (2,31%)	5 (1,92%)	0 (0,00%)	17 (6,54%)
<i>Ameazar para conseguir algo</i>	251 (96,54%)	8 (3,08%)	0 (0,00%)	1 (0,38%)	32 (12,31%)
<i>Ameazar con autolesionarse</i>	245 (94,23%)	9 (3,46%)	4 (1,54%)	2 (0,77%)	65 (25,00%)
<i>Empuxar</i>	249 (95,77%)	9 (3,46%)	1 (0,38%)	1 (0,38%)	25 (9,62%)
<i>Golpear cun obxecto</i>	250 (96,15%)	4 (1,54%)	5 (1,92%)	1 (0,38%)	19 (7,31%)
<i>Agredir</i>	252 (96,92%)	5 (1,92%)	2 (0,77%)	1 (0,38%)	23 (8,85%)

<i>Sentir medo</i>	234 (90,00%)	15 (5,77%)	9 (3,46%)	2 (0,77%)	44 (16,92%)
--------------------	--------------	------------	-----------	-----------	-------------

Táboa 7. Percepción estudantes Bacharelato.

CUESTIÓNS	Non é normal nunca (%)	Pode non ser normal (%)	Pode ser normal a veces	É normal sempre	Coñeces a alguén (Si)
<i>Desvalorización</i>	146 (94,81%)	6 (3,90%)	2 (1,30%)	0 (0,00%)	76 (49,35%)
<i>Control do que se está a facer</i>	38 (24,68%)	51 (33,12%)	60 (38,96%)	5 (3,25%)	77 (50,00%)
<i>Control última conexión</i>	123 (79,87%)	15 (9,74%)	14 (9,09%)	2 (1,30%)	54 (35,06%)
<i>Acceso redes sociais</i>	151 (98,05%)	1 (0,65%)	2 (1,30%)	0 (0,00%)	45 (29,22%)
<i>Control con quen falar</i>	145 (94,16%)	4 (2,60%)	4 (2,60%)	1 (0,65%)	52 (33,77%)
<i>Control con quen quedar</i>	129 (83,77%)	12 (7,79%)	12 (7,79%)	1 (0,65%)	53 (34,42%)
<i>Sacar fotos</i>	104 (67,53%)	22 (14,29%)	28 (18,18%)	0 (0,00%)	49 (31,82%)
<i>Control vestimenta</i>	150 (97,40%)	2 (1,30%)	2 (1,30%)	0 (0,00%)	34 (22,08%)
<i>Compartir imaxes</i>	139 (90,26%)	9 (5,84%)	5 (3,25%)	1 (0,65%)	44 (28,57%)
<i>Criticar</i>	86 (55,84%)	35 (22,73%)	32 (20,78%)	1 (0,65%)	85 (55,19%)
<i>Coller o teléfono</i>	131 (85,06%)	10 (6,49%)	13 (8,44%)	0 (0,00%)	53 (34,42%)
<i>Mensaxes ameazantes</i>	151 (98,05%)	2 (1,30%)	1 (0,65%)	0 (0,00%)	27 (17,53%)
<i>Gritar</i>	99 (64,29%)	27 (17,53%)	27 (17,53%)	1 (0,65%)	79 (51,30%)

<i>Tono agresivo</i>	135 (87,66%)	10 (6,49%)	9 (5,84%)	0 (0,00%)	64 (41,56%)
<i>Insultar</i>	130 (84,42%)	18 (11,69%)	6 (3,90%)	0 (0,00%)	64 (41,56%)
<i>Romper posesións</i>	152 (98,70%)	1 (0,65%)	1 (0,65%)	0 (0,00%)	21 (13,64%)
<i>Ameazar para conseguir algo</i>	153 (99,35%)	0 (0,00%)	1 (0,65%)	0 (0,00%)	33 (21,43%)
<i>Ameazar con autolesionarse</i>	151 (98,05%)	2 (1,30%)	1 (0,65%)	0 (0,00%)	60 (38,96%)
<i>Empuxar</i>	153 (99,35%)	0 (0,00%)	0 (0,00%)	1 (0,65%)	31 (20,13%)
<i>Golpear cun obxecto</i>	151 (98,05%)	1 (0,65%)	2 (1,30%)	0 (0,00%)	19 (12,34%)
<i>Agredir</i>	154 (100,00%)	0 (0,00%)	0 (0,00%)	0 (0,00%)	26 (16,88%)
<i>Sentir medo</i>	143 (92,86%)	3 (1,95%)	6 (3,90%)	2 (1,30%)	46 (29,87%)

DISCUSIÓN

A prevalencia de “violencia no noivado” recoñecida polos adolescentes é superior en ítems asociados ao control, violencia psicolóxica e verbal. As cifras de mulleres que coñecen casos é maior ca nos homes. Tamén é maior nos estudantes de niveis educativos superiores fronte cursos da ESO.

O risco asociado ás tecnoloxías e o control exercido pola parella foron ítems onde a percepción de “violencia no noivado” identificada foi maior (34% asociado ao concepto de “Controlar a última conexión” e 47% en “Control do que está a facer”). O control exercido sobre a parella relaciónase estreitamente cas tecnoloxías, xa que se exercen maioritariamente a través destas (13). Polo que ambas prevalencias pódense dar a consecuencia dunha baixa percepción de risco asociada ás tecnoloxías.

Isto pódese deber a que a falta de supervisión fai que os adolescentes manteñan conductas en liña que perpetúan a violencia, á falta de risco asociado a compartir información nas súas contas ou ca parella e á considerable cantidade de tempo que se lle dedica ás redes sociais (14). Por isto,

puntualízase que sería preciso invertir en iniciativas instrutoras para evitar a extensión desta problemática, xa que este tipo de violencia estase vendo acrecentada (15).

Só un 28% dos estudantes analizados nesta investigación manifestou que non é normal nunca preguntarlle á parella que están a facer. Isto pódese deber á romantización de situacións de control, sendo consistente co plasmado en estudo dedicados á violencia de xénero na adolescencia, onde destacan a normalización de conductas de control, sendo branqueadas como probas de amor e confianza (10) (13).

En canto á violencia psicolóxica e verbal, unha alta porcentaxe de adolescentes responderon que é normal en determinadas situacións criticar á parella. Pódese deber a que estas agresións son as menos consideradas como maltrato, polo cal, máis aceptadas (16). Esta baixa percepción da violencia podería explicar que, segundo a literatura dedicada a este concepto, as cifras de incidencia destas accións sexan máis elevadas (desvalorizar 40%, criticar 47%, berrar 42% e falar cun ton agresivo 36%) (15). As ameazas e a chantaxe emocional son outras manifestacións da violencia psicolóxica. No presente estudo, o 30% dos enquisados coñece a alguén que ameazara á súa parella con autolesionarse se cortaban a relación e en canto as ameazas por mensaxe e co fin de conseguir algo, a prevalencia de casos coñecidos por mulleres triplica á dos homes e a súa percepción tamén é máis reducida (17).

A violencia física foi percibida en maior medida por mulleres, sen embargo, a diferenza na percepción entre xéneros é pequena. Un 18% das mulleres da mostra coñece unha parella onde se dean empuxóns. Isto coincide co descrito noutro estudo, onde os resultados obtidos mostran que a violencia física é percibida como máis frecuente entre os homes cara as mulleres (2). Aínda así, noutra investigación non se atopou unha asociación significativa de que os homes sexan os que perpetúen este tipo de violencia. Rexistrouse que nos homes que tiñan máis aceptada a violencia contra a muller, as cifras de violencia física eran máis elevadas. En cambio, esta asociación foi negativa nas mulleres. Este concepto pode estar xustificado polos estereotipos de comportamento de cada xénero, en canto a que certas actitudes agresivas están mellor vistas en homes e con que as mulleres que xustifican a violencia séntense máis cohibidas pola súa posición de vulnerabilidade á hora de actuar violentamente. Si que foi posible relacionar que a maior normalización de actitudes agresivas, máis se perpetúan (18).

Por outra parte, os resultados obtidos confirman que a percepción de risco que teñen os homes sobre conductas inadecuadas nas relacións de parella de adolescentes é menor que a das mulleres.

O feito de que cada xénero teña uns comportamentos aos que se debe cinguir, provoca que ambos os dous actúen de forma que a violencia siga pasando desapercibida na nosa sociedade (5). A porcentaxe de mulleres que percibe que non son normais nunca actitudes propias da violencia no noivado supera o número de homes que así o considera.

Os datos coinciden co exposto nun estudo realizado pola Delegación do Goberno contra a Violencia de Xénero, un traballo que reflexa a situación da violencia contra as mulleres na adolescencia en España. Por medio dunha enquisa cuberta por adolescentes, rexistrouse que a porcentaxe de homes que recoñeceron ter exercido determinadas situacións de violencia é menor que a de mulleres que manifestaron telas sufrido. Ademais, evidenciouse que a proporción de homes que estaban de acordo con determinadas opinións que xustifican este tipo de violencia, triplicaba a porcentaxe das mulleres (5).

Neste estudo atopáronse diferencias en canto ao nivel educativo. Tanto na percepción como na prevalencia de casos coñecidos polos estudantes. Pódese deber a que en idades máis baixas é máis habitual perpetuar a violencia no noivado e, a máis idade, máis consciencia. Foi xustificada ca idealización do amor e a continuación dun trato máis tradicional entre xente máis nova e ca idea de que a máis idade as parellas teñen máis experiencia na relación e son máis conscientes de actitudes de abuso para poder modificalas (19).

Existen numerosas medidas nas que a Enfermaría ten un papel importante. Débese reforzar a formación da mesma ca renovación de guías técnicas e protocolos de actuación para potenciar e mellorar a súa labor (12). A presenza deste persoal en todos os niveis asistenciais permite que o seu alcance sexa moi amplo. Para a prevención, por medio de ferramentas para achegarse aos grupos vulnerables e promocionar actitudes de cambio (11). A detección precoz está desenvolta en protocolos, así como está estandarizada a axuda que se lle pode brindar á vítima unha vez localizada (12). Numerosos medios están á disposición desas vítimas para os momentos posteriores, así como para a súa detección e denuncia (11). O Sistema Galego de Saúde creou o seu propio protocolo para regularizar a actuación para mulleres en situación de violencia de xénero e ademais presenta numerosos recursos aos cales as mulleres poden acudir cando precisen axuda (atención telefónica para vítimas de malos tratos, programas de atención psicolóxica para as vítimas, teléfono da muller e teléfono de atención sanitaria) (20). Así mesmo, existen numerosos centros onde as mulleres poden solicitar axuda por todo o territorio galego (20).

Houbo unha serie de limitacións na realización deste estudo. Ao levarse a cabo por medio dun cuestionario anónimo online, é posible que os adolescentes mintan no momento de responder. Esta realidade evidenciouse ao analizar os resultados, certas respostas invalidáronse pola pregunta aberta onde se debe indicar o “Xénero”, xa que algúns adolescentes non tomaron en serio esta variable. O acceso a determinado alumnado foi complicado, xa que no centro de estudos carecían das ferramentas (teléfono móbil) utilizadas para a cumprimentación do cuestionario. O número de enquisas respondidas por adolescentes que cursaban Bacharelato foi moito menor, debido a que hai menos alumnos matriculados a este nivel e ao ter máis carga de traballo foi máis complicado contactar con eles para solicitarlle colaboración.

CONCLUSIÓNS

As cifras referidas á percepción de risco asociada ás tecnoloxías son moi reducidas. Os adolescentes non perciben os factores de risco como tal e por este medio ditos comportamentos son normalizados polos estudantes, xa que non son consideradas como actitudes de abuso, se non como probas de amor na parella.

A prevalencia de casos coñecidos é maior entre mulleres e estudantes de Bacharelato. O que se pode explicar cunha maior capacidade para percibir actitudes de abuso por parte destes grupos.

A sociedade patriarcal ditamina unhas pautas de comportamento indicadas para cada xénero, os roles de xénero. Desta forma perpetúanse actitudes de violencia no noivado, pérdese a oportunidade de percibilas e aumenta a prevalencia de adolescentes vítimas das súas consecuencias.

Sería importante instruír aos adolescentes con perspectivas de xénero sobre o amor romántico a as súas consecuencias, sobre o uso das tecnoloxías e o perigo consecuente da perda de privacidade por unha mala práctica das redes sociais e medidas para decatarse e evitar tratos que prolonguen algún tipo de violencia na relación. O persoal de Enfermaría ten as ferramentas e o acceso a estes pacientes para poder levar a cabo estas medidas. Para iso, débese loitar por unha formación de calidade actualizada onde se instrúa a todo o persoal en todos os niveis sanitarios en como actuar en situacións de violencia de xénero, pero tamén en como prever que teñan lugar estes comportamentos. A violencia de xénero débese tratar como un problema de saúde pública, e polo tanto, educar á poboación por medio de promoción da saúde onde a Enfermaría cumpre un papel fundamental.

ANEXOS

Anexo I. Informe emitido polo Comité de Bioética



VICERREITORÍA DE INVESTIGACIÓN
E INNOVACIÓN
Oficina de Investigación e Tecnoloxía
Edificio CACTUS – Campus de Lugo
27002 Lugo
Tel. 982 822 851
Correo electrónico: comite.bioetica@usc.es

Visto o informe realizado por D./Da **Ana Isabel Silveira Rodríguez**, responsable da **Comisión Permanente da Facultade de Enfermería**, órgano encargado da revisión e informe previo das propostas de traballos académicos do tipo proxecto de investigación e/ou intervención con seres humanos, as súas mostras e os seus datos das titulacións adscritas a este Centro en canto o cumprimento das condicións e requisitos esixidos para ser informado favorablemente polo Comité de Biética da USC

O Comité de Bioética da USC da o visto e praxe a proposta titulada **“Percepción dos adolescentes en violencia de xénero”** presentada por D./Da. **Marta Sanmartín Andujar** baixo a titorización de D./Da. **María Leonor Varela Lema**.

Lugo, .25 de maio de 2022

O Presidente do Comité de Bioética da USC

CIFUENTES MARTINEZ
JOSE MANUEL -
02198348P

Firmado digitalmente por CIFUENTES MARTINEZ
JOSE MANUEL - 02198348P
Nombre de reconocimiento (DN): c=ES,
serialNumber=0215-02198348P, givenName=JOSE
MANUEL, ou=CIFUENTES MARTINEZ, ou=CIFUENTES
MARTINEZ JOSE MANUEL - 02198348P
Fecha: 2022.05.25 18:38:43 +02'00'

Asdo. J. Manuel Cifuentes Martínez

Anexo II. Compromiso de confidencialidade

COMPROMISO DE CONFIDENCIALIDADE

Título Trabajo De Fin de Grao: Percepción dos adolescentes en violencia de xénero.

Alumna: Marta Sanmartín Andújar.

Titora académica: María Leonor Varela Lema.

Cotitora académica: Andrea Vila Fariñas.

Na Memoria do TFG e na súa presentación e defensa, realizados pola alumna Marta Sanmartín Andújar con DNI 46095536-V, estudante do Grao en Enfermaría da Universidade de Santiago de Compostela, vaixe producir a transmisión de información, correspondente a resultados da investigación, que se considera de carácter confidencial. Por este motivo, o equipo de investigación (alumna, Titora Académica e Cotitora Académica) comprométese a:

- Non revelar a información confidencial, nin sequer parcialmente, e a mantela no máis estrito segredo ata que se faga pública por parte dos autores da mesma.
- Utilizar a información confidencial, proporcionada con anterioridade á entrega e/ou lectura e defensa da Memoria, única e exclusivamente para o exame e avaliación da materia mencionada.

Alumna,

Data: 24/04/2022

Asdo.:



Titora,

Data:

Asdo.:

VARELA
LEMA MARIA
LEONOR -
44808612N

Firmado
digitalmente por
VARELA LEMA
MARIA LEONOR -
44808612N
Fecha: 2022.04.25
21:41:06 +02'00'

Cotitora, Firmado por
ANDREA VILA

Data:

Asdo.:

Anexo III. Cuestionario alumnado

1. Idade:___

2. Curso:___

3. Nome da localidade do centro de estudos:___

4. Xénero

- Muller
- Home
- Outro

5. Algunha vez te informaron sobre o que é normal e non o é nunha relación de parella?

- Si
- Non

6. Se a resposta anterior é afirmativa, onde o escoitaches?

- Instituto
- Familia
- Redes sociais
- Charlas alleas ao instituto
- Autoinformándome
- Outro

A partir de agora encontrarás unha serie de enunciados e deberás mostrar o teu grado de conformidade.

Tes que escoller entre 5 opcións: "Non é normal nunca"/ "Pode non ser normal nalgunhas ocasións"/ "Pode ser normal nalgunhas ocasións"/ "É normal sempre".

A continuación delas deberás indicar se coñeces algún caso dunha parella, onde polo menos un dos compoñentes, sufra ou sexa o responsable da acción que se explica nos enunciados.

7. É normal desvalorizar á parella.

- Non é normal nunca
- Pode non ser normal nalgunhas ocasións
- Pode ser normal nalgunhas ocasións
- É normal sempre

8. Coñeces algún caso onde esto ocorra?

- Si
- Non
- Prefiro non responder

9. É normal enviar varios mensaxes ao día á parella para saber que está a facer.

11. É normal controlar a última conexión da parella nas redes sociais.

13. É normal acceder ás redes sociais da parella sen permiso.

15. É normal que a parella decida polo outro/a onde e con quen falar.

17. É normal que a parella diga con que amigos/as quedar.

19. É normal sacar fotos ou facer vídeos á parella sen consentimento.

21. É normal que a parella controle como debe vestir.

23. É normal que a parella comparta mensaxes, insultos ou imaxes sen permiso.

25. É normal criticar á parella.

27. É normal coller o teléfono da parella sen permiso.

29. É normal escribir mensaxes ameazantes ou que atemoricen á parella.

31. É normal gritar á parella.

33. É normal falarlle á parella nun tono agresivo.

35. É normal insultar á parella.

- 37. É normal romper posesións da parella.
- 39. É normal ameazar á parella para facer cousas.
- 41. É normal que a parella ameace con facerse dano se se corta a relación.
- 43. É normal empuxar con violencia á parella.
- 45. É normal golpear á parella cun obxecto.
- 47. É normal agredir á parella.
- 49. É normal sentir medo nunha relación.

FOLLA DE INFORMACIÓN PARA PARTICIPANTES DA INVESTIGACIÓN

Título: *Percepción dos adolescentes en violencia de xénero.*

Investigadora: Marta Sanmartín Andújar, con D.N.I. 46095536-V, estudante do Grao de Enfermería da Universidade de Santiago de Compostela.

O estudo forma parte da materia Traballo de Fin de Grao da titulación Grao de Enfermería da Universidade de Santiago de Compostela. Está dirixido por María Leonor Varela Lema (investigadora e profesora da Área de Medicina Preventiva e Saúde Pública na Universidade de Santiago de Compostela).

O obxectivo deste documento é ofrecerlle toda a información detallada e precisa sobre o estudio no que se lle invita a participar por cumprir os criterios de inclusión. Estes criterios son: ser estudante dun centro no que se curse dende 3º de Ensinanza Secundaria Obrigatoria e/ou Bacharelato, ter entre 14 e 19 anos. A súa participación é totalmente voluntaria, se completa e envía a información requirida, enténdese que accede a participar neste estudo. No caso de aceptar, debe ler atentamente a información que se lle comparte a continuación e preguntar todas as dúbidas que se teñan co fin de comprender o estudo e a súa finalidade.

- Cal é o propósito da investigación?

A violencia de xénero é un problema de saúde pública que ten decenas de miles de vítimas ao ano no noso país. A expresión máxima desta violencia son os feminicidios, pero existen outro tipo de consecuencias que repercuten gravemente na calidade de vida das persoas afectadas. Isto débese á existencia dos roles de xénero, os cales teñen unhas características sociais marcadas por unha construción baseada nunha estrutura patriarcal. O feito de que cada xénero teña uns comportamentos aos que se debe cinguir, provoca que ambos os dous actúen de forma que algún tipo de violencia siga pasando desapercibida na nosa sociedade. Polo cal, a finalidade da investigación é comprobar, por medio dun cuestionario, se os suxeitos do estudo son conscientes de determinadas actuacións características desta violencia.

- Por que participar no estudo?

Ter máis información sobre como os adolescentes interpretan a violencia de xénero axudaría a poder crear plans de intervención para a súa prevención. É fundamental actuar a nivel educativo con perspectivas de xénero para cubrir as desigualdades e informar aos estudantes sobre as consecuencias do que está a acontecer.

- **En que consiste a súa participación?**

Vostede terá que cubrir un cuestionario cunha serie de enunciados e deberá indicar o seu grado de conformidade con cada un deles. Pediráselle a maior sinceridade posible e os datos serán tratados de forma totalmente anónima.

- **Recibirá a información que se obteña da investigación?**

Se así o desexan os participantes, facilitaranse os resultados obtidos na investigación.

- **Publicaranse os resultados deste estudo?**

Os resultados do estudo formarán parte do Traballo de Fin de Grao de Enfermaría de Marta Sanmartín Andújar. O material obtido será tratado exclusivamente polos investigadores do estudo e ao finalizar, toda a información será eliminada. O informe dos resultados non tramitará ningún dato que poida levar á identificación dos participantes.

- **Como se protexerá a confidencialidade dos seus datos?**

A participación é totalmente anónima e solo o equipo de investigación terá acceso aos datos recollidos e deberán gardar a confidencialidade deles. Toda a información será recollida por medio dun cuestionario online anónimo onde non será posible vincular as respostas ca persoa enquisada. O tratamento, comunicación e cesión dos seus datos farase conforme aos disposto pola Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos Dereitos Dixitais.

- **Existen intereses económicos no estudo?**

Non, ningún dos implicados recibirá recompensas económicas.

- **Quen pode ofrecer máis información?**

No caso de precisar máis información, pode contactar ca investigadora Marta Sanmartín Andújar, por medio do correo electrónico marta_sanmartin_andujar@rai.usc.es.

Moitas gracias pola súa colaboración.

Anexo V. Presentación alumnado

FACULTADE DE ENFERMARÍA USC
2021-2022

CUESTIONARIO VIOLENCIA DE XÉNERO

Marta Sanmartín Andújar

En que consiste?

ESTUDO	POR QUE É IMPORTANTE A VOSA AXUDA?	ENQUISA
Percepción adolescentes en violencia de xénero - Comportamentos normais nunha relación de parella entre adolescentes	Coñecendo a vosa opinión e como vos comportades pódense crear plans de intervención para mellorar a situación	<ul style="list-style-type: none">• Consentimento dase no momento en que se envía• 6 preguntas de carácter persoal• 22 enunciado onde debes mostrar o teu grado de conformidade

POBLACIÓN DIANA



Que pasa cos datos?

- Os datos son totalmente anónimos
- Serán analizados polo equipo de investigación
- Obtéñense uns resultados
- Concrétanse unhas conclusións

FACULTADE DE ENFERMARÍA USC
2021-2022

Marta Sanmartín Andújar

MOITAS GRACIAS POLA VOSA AXUDA!



<https://forms.office.com/r/wexsqN8pLf>

BIBLIOGRAFÍA

1. Definición de violencia de género [Internet]. [citado 11 de abril de 2022]. Disponible en: https://www.inmujeres.gob.es/servRecursos/formacion/Pymes/docs/Introduccion/02_Definicion_de_violencia_de_genero.pdf
2. Martínez-Dorado A, Privado J, Useche SA, Velasco L, García-Dauder D, Alfaro E. Perception of Dating Violence in Teenage Couples: A Cross Validation Study in Spain and Colombia [Internet]. *Int J Environ Res Public Health*. 17 de septiembre de 2020 [citado 11 de abril de 2022];17(18):6769. Disponible en: <https://www.mdpi.com/1660-4601/17/18/6769/htm>
3. Comprender y abordar la violencia contra las mujeres. Violencia infligida por la pareja [Internet]. Washington,DC : OPS; 2013 [citado 11 de abril de 2022]. Disponible en: https://apps.who.int/iris/bitstream/handle/10665/98816/WHO_RHR_12.36_spa.pdf?sequence=1
4. Estimaciones mundiales y regionales de la violencia contra la mujer: prevalencia y efectos de la violencia conyugal y de la violencia sexual no conyugal en la salud [Internet]. Ginebra: OMS, 2012 [citado 11 de abril de 2022]. Disponible en: http://apps.who.int/iris/bitstream/handle/10665/85243/WHO_RHR_HRP_13.06_spa.pdf;jsessionid=107ABC1A7ACED9D7AB71D0B52FB5F419?sequence=1
5. Díaz-Aguado M.J., Martínez Arias R., Martín Babarro J., Falcón L. La situación de la violencia contra las mujeres en la adolescencia en España [Internet]. Delegación del Gobierno contra la Violencia de Género. Ministerio de Igualdad. Madrid; 2021 [citado 11 abril de 2022]. Disponible en: https://violenciagenero.igualdad.gob.es/violenciaEnCifras/estudios/investigaciones/2021/estudios/violencia_en_la_adolescencia.htm
6. Estadística de violencia doméstica y violencia de género. Últimos datos [Internet]. INE; 2021 [citado 11 de abril de 2022]. Disponible en: https://www.ine.es/dyngs/INEbase/es/operacion.htm?c=Estadistica_C&cid=1254736176866&menu=ultiDatos&idp=1254735573206
7. Gulati G, Kelly BD. Domestic violence against women and the COVID-19 pandemic: What is the role of psychiatry? [Internet]. *Int J Law Psychiatry*. 1 de julio de 2020 [citado 27 de mayo de 2022];71:101594. Disponible en:

<https://www.sciencedirect.com/science/article/pii/S0160252720300534?via%3Dihub#bb0160>

8. Mujeres y hombres en España. Delito y violencia. Víctimas mortales por violencia de género [Internet]. INE; 2022 [citado 11 de abril de 2022]. Disponible en: https://www.ine.es/ss/Satellite?L=es_ES&c=INESeccion_C&cid=1259926144037&p=1254735110672&pagename=ProductosYServicios%2FPYSLayout
9. Taquette S.R., Maia Monteiro D. L. Causes and consequences of adolescent dating violence: a systematic review. *J Inj Violence Res* [Internet]. 2019 [citado 11 de abril de 2022];11(2). Disponible en: <http://www.jivresearch.org/jivr/index.php/jivr/article/view/1061>
10. Cava M-J, Tomás I, Buelga S, Carrascosa L. Loneliness, Depressive Mood and Cyberbullying Victimization in Adolescent Victims of Cyber Dating Violence [Internet]. *Int J Environ Res Public Health*. 15 de junio de 2020 [citado 11 de abril de 2022];17(12):4269. Disponible en: <https://www.mdpi.com/1660-4601/17/12/4269>
11. Sancho Raimundo SE, Hernando Gómez A, Vallejo Del Río A, Gamarra Lousa M. La prevención como herramienta en la violencia de género [Internet]. *RIDEC 2016* [citado 1 junio de 2022]; 9(2):15-29. Disponible en: <https://www.enfermeria21.com/revistas/ridec/articulo/27127/la-prevencion-como-herramienta-en-la-violencia-de-genero/>
12. Baidés Noriega R, Baidés Noriega R. Violencia de Género: papel de Enfermería en la Prevención Secundaria desde Atención Primaria [Internet]. *Enferm Glob*. 2018 [citado 1 junio de 2022];17(51):484-508. Disponible en: <https://revistas.um.es/eglobal/article/view/307241>
13. Vázquez TD, Hurtado MJR, Baños RV. La adolescencia ante la violencia de género 2.0: Concepciones, conductas y experiencias. *Educ XX1* [Internet]. 2018 [citado 28 de mayo de 2022];21(1). Disponible en: <https://revistas.uned.es/index.php/educacionXX1/article/view/20180>
14. Van Ouytsel J, Ponnet K, Walrave M. Cyber Dating Abuse Victimization Among Secondary School Students From a Lifestyle-Routine Activities Theory Perspective [Internet]. *J Interpers Violence*. septiembre de 2018 [citado 26 de mayo de 2022];33(17):2767-76. Disponible en: <https://pubmed.ncbi.nlm.nih.gov/26872506/>

15. Penado-Abilleira M, Rodicio-García ML. Development and Validation of an Adolescent Gender-Based Violence Scale (ESVIGA) [Internet]. *Anu Psicol Juríd.* 2018[citado 27 de mayo de 2022];28(1):49-57. Disponible en: <https://journals.copmadrid.org/apj/art/apj2018a10>
16. Anacona CAR, Cruz YCG, Jiménez VS, Guajardo ES. Sexismo Y Agresiones En El Noviazgo En Adolescentes Españoles, Chilenos Y Colombianos [Internet]. *Psicol Conduct.* 2017 [citado 27 de mayo de 2022];25(2):297-314. Disponible en: <https://www.behavioralpsycho.com/producto/sexismo-y-agresiones-en-el-noviazgo-en-adolescentes-espanoles-chilenos-y-colombianos/>
17. Protocolo común para la actuación sanitaria ante la Violencia de Género [Internet]. Delegación del Gobierno contra la violencia de Género. Ministerio de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad. 2012 [citado 1 junio de 2022]. Disponible en: https://violenciagenero.igualdad.gob.es/profesionalesInvestigacion/sanitario/docs/PSanitario_VG2012.pdf
18. Schuster I, Tomaszewska P, Gul P, Ribeaud D, Eisner M. The role of moral neutralization of aggression and justification of violence against women in predicting physical teen dating violence perpetration and monitoring among adolescents in Switzerland [Internet]. *New Dir Child Adolesc Dev.* 2021 [citado 1 junio de 2022];2021(178):115-31. Disponible en: <https://onlinelibrary.wiley.com/doi/10.1002/cad.20430>
19. Borrajo E, Gámez-Guadix M, Calvete E. Justification beliefs of violence, myths about love and cyber dating abuse [Internet]. *Psicothema.* noviembre de 2015 [citado 1 de junio de 2022];(27.4):327-33. Disponible en: https://repositorio.uam.es/bitstream/handle/10486/671000/justification_borrajo_p_2015.pdf?sequence=1&isAllowed=y
20. Guía técnica do proceso de atención ás mulleres en situación de violencia de xénero. Guías técnicas do Plan de Atención Integral á Saúde da Muller [Internet]. Delegación del Gobierno contra la violencia de género. Consellería de Sanidade. Febrero 2009 [citado 1 junio de 2022]. Disponible en: https://violenciagenero.igualdad.gob.es/profesionalesInvestigacion/protocolosAmbitoAutonomico/sanitario/docs/Guia_Tecnica_Galicia.pdf